

ANUNCIO

O tribunal de selección do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes a traballador/a socia (segundo as bases aprobadas por Resolución da alcaldía 1013/2016), nomeado mediante Resolución de alcaldía 1129/2016 acordou na súa sesión do 25.11.2016:

1.-Rexeitar as alegacións dos seguintes aspirantes segundo se indica:

“-Paula Paz González: alega que o contrato de traballo de cooperante o foi en calidade de traballadora social, pero non vai destinado exclusivamente a traballadores sociais segundo as bases da convocatoria, polo que o Tribunal mantén a súa non valoración.

En relación aos cursos de intervención con familias, mulleres, homes e xóvenes que non se lle valoran, aclárase que non se valoraron por non acreditarse que estiveran homologados ou impartidos polas institucións que indican as bases.

-M^a José Otero Vaamonde: alega fronte á non valoración do curso de prevención de riscos e axentes mediadores. O tribunal entende que ningún dos dous cursos garda relación directa coas funcións específicas de traballador social, xa que se consideran máis relacionados coa área de orientación sociolaboral.

Non se aceptan as alegacións sobre a necesaria valoración dos contratos de técnico de orientación laboral e técnica asesora B-10 por non ser postos de traballador social, que é o que se valora e non postos nos que se poidan desempeñar algunha función propia desta titulación universitaria.

-Jorge Martínez Morato: Non se valoran os contratos cotexados que se achegan porque se presentan fóra de prazo.

En relación coa valoración dos cursos de Cruz Vermella e o de “intervencións asistidas con animais”, o primeiro non está homologado ou impartido por institucións fixadas nas bases e o segundo non garda relación directa co posto de traballo, polo que se rexeitan as alegacións.

-Laura Tojo Fernández: non se valoran as subsanacións que achega por estar presentadas fóra de prazo, xa que debían ser achegadas no prazo de emendas e non de alegacións.”

2.- Convocar a Pilar Beatriz Díaz Vázquez e Alba Pais Bugallo para facer a proba de galego o vindeiro día 29 ás 8.30 no Salón de Plenos da Casa Consistorial.

Contra a resolución das alegacións, acto de trámite cualificado que non pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes dende a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello ou na páxina web do Concello ante o tribunal de selección ou ante o alcalde do Concello de Fene -órgano competente para a súa resolución-. Transcorrido o dito prazo sen terse interposto o recurso, os acordos serán firmes a tódolos efectos.

Fene, 25 de novembro de 2016

A secretaria do tribunal

Estefanía Manteiga Lamas